

## PRESENTACIÓN PÚBLICA DO FONDO DOCUMENTAL D.O.A.M.E

### Que é D.O.A.M.E?

Documentación da Oposición Antifranquista e Movemento Estudantil da Universidade De Santiago (D.O.A.M.E.), Trátase dunha iniciativa do Grupo HISTAGRA (histagra.usc.gal) en colaboración co Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela para recoller, catalogar e conservar os materiais xerados polo estudantado compostelán. Trátase de constituír un fondo documental que poña en valor e a disposición d@s interesad@s toda a información pública e privada xerada polo movemento estudantil entre 1960 e 2000: pasquíns, notas de prensa, discursos, apuntes varios, follas voandeiras, gravacións, fotografías e adhesivos e aqueloutros elementos, todos relacionados co movemento estudantil e a súa historia.

### Como se constrúe D.O.A.M.E?

O grupo de investigación HISTAGRA-USC ven recibindo desde hai anos documentación de particulares relativa á loita estudantil na Universidade de Santiago levada a cabo tanto durante a época franquista como na transición e na posterior etapa democrática.

Desde o Grupo HISTAGRA, atendendo á importancia da documentación recibida, deposita a colección no Arquivo Histórico Universitario da USC para a súa correcta custodia, organización e conservación e a súa posta a disposición como fonte de investigación histórica.

### Os materiais recollidos até o momento e a disposición d@s interesad@s son:

Fondo Rodríguez Holguín: Material das assembleas dos CAF dos anos oitenta e principios dos noventa

Fondo Martínez Rivas: Documentación dos CAF e das eleccións da USC

Fondo Monterroso Devesa: Documentos políticos e de propaganda do PSG

Fondo Fernández Prieto: Documentación dos anos oitenta: CXTG, CIG, SGEI, Adiante, CAF

Fondo García del Río: Xornais clandestinos de oposición do PCG. Anos setenta



FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REXIONAL  
*"Unha maneira de facer Europa"*

UNIÓN EUROPEA

Fondo Álvarez Prada: Dossier de prensa do movemento estudantil da USC. 1984-1987

### Cal é o procedemento de doazón?

@s interesad@s en doar materiais deberán poñerse en contacto co Grupo HISTAGRA que será o receptor da documentación cedida que despois de inventariada lla cederá para a súa custodia e acceso público ao AHUS que será o garante da non dispersión do fondo así como o facilitador das consultas.

### Data de presentación pública:

Participantes:

Excmo. Reitor da USC, D. Antonio López Díaz

Directora do AHUS: Désirée Domínguez Pallas

I.P de HISTAGRA: Lourenzo Fernández Prieto

**Data:** 11 de febreiro de 2020

**Hora:** 11:30 h.

**Lugar:** AHUS (Casas Reais)

### Máis información:

Grupo HISTAGRA  
Departamento de Historia  
Facultade de Xeografía e Historia  
Praza da universidade, 1  
15782 Santiago de Compostela  
T. 881812734 / 686232856  
histagra@usc.es

AHUS  
Casas Reais, 5  
15782 Santiago de Compostela  
T. 81812880  
Fax: 8818128  
85  
archivo.historico@usc.es



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO  
REGIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"